



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE NOVEMBRO DE 2015.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e trinta minutos do día 11 de novembro de dous mil quince, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel A. Español Otero
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo Gonzalez

Asiste como Secretario Acctal. o funcionario do Concello D. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES (ORD. 28.10.2015 E EXTRAORD. 04.11.2015)

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente ás sesións celebradas os pasados días 28 de outubro e 4 de novembro de 2015 ó que responden negativamente os concelleiros presentes nas mesmas, polo que as referidas acta foron aprobadas pola unanimidade dos presentes en cada sesión.

PUNTO 2.- APROBACIÓN CUOTAS DO MERCADO DE ABASTOS

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de OUTUBRO de 2015 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

3.- INFORMES SERVIZOS SOCIAIS

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 21 de outubro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. E.L.A.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 22 de outubro de 2015 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. J.F.F.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 4.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 7.140 de data 30 de outubro de 2015, presentado por D. JOSÉ MANUEL LORENZO FERREIRA, en representación da Xunta Veciñal de Montes en Man Común da Guarda, comunicando a autorización para levar a cabo o II Trail do Trega que se desenvolve por terreos propiedade desa comunidade e establece as condicións de dita actividade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.327 de data 10 de novembro de 2015, presentado por D. AGUSTÍN FERREIRA LORENZO, en representación da Asociación Naturalista Baixo Miño, solicitando que o Concello da Guarda adquira a finca onde se atopan unha parte das salinas na zona do Seixal. Solitan tamén que se realicen as xestións necesarias para a recuperación do Cruceiro de San Sebastian e para que o Seixal sexa declarado como Espazo Natual de Interese Local.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 7.325 de data 10 de novembro de 2015, presentado por CIUDADANOS DE CENTRO DEMOCRÁTICO, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Fontiña, nº 3-2º da Guarda, solicitando o arranxo de varias deficiencias no Centro Cultural.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 6.665 de data 9 de outubro de 2015, remitido por SECRETARIA XERAL DE POLITICA SOCIAL, con enderezo nos Edificios Administrativos de San Caetano en Santiago de Compostela, solicitando un informe sobre as actuacións levadas a cabo respecto da eliminación das barreiras arquitectónicas na rampa de acceso á Praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local sinala que este tema xa foi falado persoalmente co Sr. Alcalde, non obstante acorda informarlles que xa se está tramitando a realización das obras con Costas do Estado para que a rampla cumpra a normativa.

Lese o escrito RE 7.110 de data 29 de outubro de 2015, presentado por D. JUAN BLANCO GAGO, con enderezo na rúa 1ª Transv. Longra, nº 8 da Guarda, solicitando o cambio do contador de auga da súa vivenda por estar averiado.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda acceder ó solicitado.

Lense os escritos RE 7.247, RE 7.251, RE 7.255 e RE 7.257 de data 7 de novembro de 2015, presentados por D^a. LAURA PORTELA CARPINTERO, con enderezo na rúa 2^a Transv. San Roque -Trasloajo, nº 5 da Guarda, solicitando que se leven a cabo as obras necesarias de eliminación de barreiras arquitectónicas nos accesos á Pista Polideportiva do Paseo da Guarda, nos accesos á Policía Local, nos acceso ós colexios electorais e nos accesos á Praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello da Guarda está levando a cabo obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no municipio entre as que se atopan as que a solicitante demanda.

Lense os escritos RE 7.248, RE 7.252, RE 7.256 e RE 7.260 de data 7 de novembro de 2015, presentados por D^a. FATIMA PORTELA CARPINTERO, con enderezo na rúa 2^a Transv. San Roque -Trasloajo, nº 5 da Guarda, solicitando que se leven a cabo as obras necesarias de eliminación de barreiras arquitectónicas nos accesos á Pista Polideportiva do Paseo da Guarda, nos accesos á Policía Local, nos acceso ós colexios electorais e nos accesos á Praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello da Guarda está levando a cabo obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no municipio entre as que se atopan as que a solicitante demanda.

Lense os escritos RE 7.245, RE 7.249, RE 7.254 e RE 7.259 de data 7 de novembro de 2015, presentados por D. LORENZO PORTELA GONZALEZ, con enderezo na rúa 2^a Transv. San Roque -Trasloajo, nº 5 da Guarda, solicitando que se leven a cabo as obras necesarias de eliminación de barreiras arquitectónicas nos accesos á Pista Polideportiva do Paseo da Guarda, nos accesos á Policía Local, nos acceso ós colexios electorais e nos accesos á Praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello da Guarda está levando a cabo obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no municipio entre as que se atopan as que o solicitante demanda.

Lense os escritos RE 7.246, RE 7.250, RE 7.253 e RE 7.258 de data 7 de novembro de 2015, presentados por D^a. MERCEDES CARPINTERO PARADA, con enderezo na rúa 2^a Transv. San Roque -Trasloajo, nº 5 da Guarda, solicitando que se leven a cabo as obras necesarias de eliminación de barreiras arquitectónicas nos accesos á Pista Polideportiva do Paseo da Guarda, nos accesos á Policía Local, nos acceso ós colexios electorais e nos accesos á Praia da Area Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Concello da Guarda está levando a cabo obras de eliminación de barreiras arquitectónicas no municipio entre as que se atopan as que a solicitante demanda.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 7.208 de data 5 de novembro de 2015, presentado por D. JOSÉ ANGEL MARTINEZ BARBOSA, en representación da Asociación Cultural Comisión de Festas de San Cayetano, e domicilio na Carretera de Circunvalación, nº 85 da Guarda, solicitando:

- Permiso para celebrar a romería de Santa Catalina o día 29 de novembro.
- Limpeza de rúas e prazas polas que transcorre a procesión.
- Limpeza da Fonte de Santa Catalina e adecentamento do camiño que sube hacia a Cruzada.
- Presenza da Policía Local o día 29 de novembro.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 7.089 de data 28 de outubro de 2015, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE, en calidade de voceiro do BNG da Guarda, solicitando que se tomen as medidas necesarias para solucionar as deficiencias do transversal que hai entre a rúa Circunvalación e a rúa Cal fronte o colexio de Manuel Rodríguez Sinde.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que xa está programado actuar neste punto.

Sendo as nove horas e trinta e cinco o sr. presidente levanta a sesión da que eu como secretario dou fe.